



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GOODJOB PARA FAVORECER A INCLUSIÓN SOCIOLABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E FACILITAR A RESPOSTA A ALTA DEMANDA DE PROFESIONAIS DA CIBERSEGURIDADE DAS EMPRESAS E INSTITUCIÓNS

Antecedentes

Segundo o artigo 9.2 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia(Amtega) aprobado polo *Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* e modificado polo *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos*, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

A Amtega é a entidade propulsora da constitución do nodo galego de ciberseguridade "CIBER.gal", espazo de cooperación público-privado, suscrito o 21 de xullo de 2020 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, as Deputacións da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), o Instituto Nacional de Ciberseguridade de España (INCIBE) e o Centro Criptolóxico Nacional, relativo á concienciación e capacitación da cidadanía, empresas e administracións públicas de Galicia en materia de ciberseguridade





A FUNDACIÓN GOODJOB, é unha entidade sen ánimo de lucro clasificada como benéfico-asistencial polo Ministerio de Sanidade e Política Social, Rexistro de Protectorado de Fundacións, que persegue entre os seus fins a inserción laboral de persoas con discapacidade, preferentemente no mercado ordinario de traballo e para iso subscribe acordos de colaboración con entidades co obxectivo de desenvolver programas que potencien os coñecementos e capacidades das persoas con discapacidade, favorecendo a súa empregabilidade e conseguindo en consecuencia, unha maior integración social e laboral

Que en cumprimento dos seus fins, a FUNDACIÓN GOODJOB desenvolve Programas de Empregabilidade de base tecnolóxica para persoas con discapacidade, denominados "PROGRAMAS #IMPACT" (en diante, os "Programas" ou "PROGRAMAS #IMPACT"), enfocados á creación de postos de traballo para persoas con discapacidade en empresas ordinarias, dentro do ámbito tecnolóxico, mediante a identificación e posta ao dispor de capacitacións necesarias para este colectivo, @teniendo en cuenta diferentes niveis de empregabilidade, diferentes necesidades de apoio e, por tanto, diferentes tipos de postos de traballo a desempeñar dentro do sector tecnolóxico.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A FUNDACIÓN GOODJOB desenvolve o Programa de Empregabilidade en Ciberseguridade para Persoas con Discapacidade denominado "IMPACT#include" ou "#include", o cal persegue a creación de postos de traballo para persoas con discapacidade en empresas ordinarias, dentro do ámbito da Ciberseguridade, identificando e proporcionando as capacitacións necesarias a este colectivo, @teniendo en cuenta diferentes niveis de empregabilidade, diferentes necesidades de apoio e, por tanto, diferentes tipos de postos de traballo a desempeñar.





O Programa #include está baseado nun esquema composto por unha Fase Formativa de 7 semanas de duración + Introducción Laboral nas empresas a través dos Centros Especiais de Emprego da Fundación durante 9-12 meses + Contratación directa no persoal da empresa ordinaria a continuación. Nas súas edicións do ano 2020 e 2021, desenvolveuse simultaneamente nas Comunidades de Madrid, Catalunya e Castela e León. Prevese estender no ano 2022 ás Comunidades Galega, Valenciana, País Vasco e Andalucía e paulatinamente ao resto de España.

O Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fundación Goodjob ten por obxecto establecer o marco de colaboración a través do "Programa #include" e, no seu caso, do resto de PROGRAMAS #IMPACT, coa finalidade de favorecer a inclusión sociolaboral de persoas con discapacidade e facilitar a resposta á alta demanda de profesionais da ciberseguridade das empresas e institucións.

Existe unha identidade entre os obxectivos da FUNDACIÓN GOODJOB, e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Colaborar na realización e difusión de Actividades Formativas, en materia de ciberseguridade, que melloren a Empregabilidade dos colectivos descritos (Certificados de Profesionalidade e outras formacións ad hoc).
- Colaborar coa Amtega na realización de accións destinadas á detección e creación de postos de traballo no sector de Ciberseguridade, para persoas con discapacidade, nas empresas que colaboren con CIBER.GAL
- Informar as empresas que colaboren con CIBER.gal da oportunidade de dar cumprimento á Lei Xeral de Discapacidade, utilizando a Ciberseguridade e en concreto o Programa #include como panca.





- Colaborar coa Amtega na realización de actividades de sensibilización en materia de Discapacidade, destinadas tanto ás empresas que colaboran con CIBER.gal, como ao público en xeral, nos foros que aquela promova.
- Dar a coñecer a colaboración da Amtega, a través do nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal, en todas as comunicacións informativas, publicitarias, ou de calquera outra índole, relacionadas co proxecto #include e as súas empresas con contrato de adhesión en vigor naqueles casos en que sexa posible.
- Aqueloutras que, por proposta da Comisión de Seguimento deste convenio, considérense adecuadas co obxectivo final de favorecer a empregabilidade das persoas con discapacidade no ámbito da ciberseguridade.

Este convenio non comporta obrigas de carácter económico para ningunha das partes.

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega

José Luis Somoza Digón

